

X. M. Asorey / X. Torres Romar / A. Castro / X. L. Gallego (1989): *Diccionario temático e ilustrado de Apicultura. Vocabulario castelán-galego*. Santiago: CEDAGA. 82 pp.

O Centro de experimentación e divulgación apícola de Galicia (CEDAGA) acaba de editar esta pequena obra, que ofrece unha ampla mostra do vocabulario galego relacionado coa apicultura.

Un breve prólogo de X. M. Asorey, coordinador técnico da publicación, e unha introducción de X. Torres Romar, responsable do traballo lingüístico, preséntanno-lo libro como unha contribución á fixación da terminoloxía necesaria relativa á vida das abellas e ó seu coidado, pretendendo "dar a coñece-los termos apícolas, fixalos na nosa lingua, defínilos e tradúcilos" (p. 6).

Na primeira parte (pp. 7-62) séguese unha ordenación temática, abordando unha grande variedade de cuestións, como a morfoloxía e anatomía das abellas, as súas enfermidades, a colmea, a produción do mel e a súa explotación polo home, etc. Nestas páxinas preséntase como entrada o termo galego (cos seus sinónimos), seguido da definición ou das palabras equivalentes en castelán. Este vocabulario galego-castelán vai acompañado de numerosas ilustracións de A. Castro Ferreiro. Ó cabo desta parte inclúense ademais tres debuxos a toda plana de exemplares de flora melífera, debidos a X. L. Gallego.

A segunda parte do libro (pp. 65-82) está ocupada polo "Vocabulario apícola castelán-galego", no que se elabora un listado alfabético dos termos casteláns da apicultura seguidos do seu equivalente galego.

Trátase, en resumo, dunha obra concebida para informar ós apicultores e ós amigos das abellas dos termos galegos máis usuais referidos a ese ámbito, así como dunha introdución ó mundo das abellas para os leigos nesa materia. Pero sobre todo constitúe unha valiosa contribución á estandarización e á normalización do galego.

Para que a nosa lingua acade o grao de desenvolvemento que lle corresponde, precísase un bo número de obras especializadas que posibiliten o seu emprego en tódolos ámbitos do coñecemento e da vida da nosa sociedade, cada día máis complexa e máis diversa. De aí a importancia de traballos que, coma este, establezan e definan os vocábulos galegos dun campo determinado a partir do coñecemento cabal da realidade lingüística de Galicia e con criterio purista.

X. L. REGUEIRA